

# Madamas e Madamitos

## de Entrimo

**A**s Madamitas e Madamitos foron rescatadas do olvido a comezos do século polas veciñas da Asociación Mulleres do Rural de Entrimo. A súa figura xa fora mentada por Otero Pedraio na súa *Historia de Galiza*.

Van vestidas de branco e coas facianas pálidas ou cunha careta branca e un pano ou capa ver-

mella. Os Madamitos levan un gorro de forma cónica adornado con cintas, e as Madamitas un sombreiro de palla cun velo branco tapándolle a faciana.

As Madamitas e Madamitos foron creadas para ridiculizar os señoritos, e como tales saen a pasear pola vila de Entrimo o Sábado de Antroido.

